



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: ORDENANZA PARA A REGULACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE OROSO

Nº EXPEDIENTE ORIXE:

No BOP nº 229 de 2 de decembro de 2019 publicouse a aprobación definitiva da Ordenanza para a regulación da administración electrónica municipal do Concello de Oroso que na actualidade segue en vigor.

No artigo 37 da citada ordenanza establécese que:

“3.O Concello de Oroso aproba as seguintes actuacións administrativas automatzadas:

- Expedición de certificados individuais e volantes de empadroamento.
- Expedición automática de recibos de presentación no rexistro electrónico do Concello de Oroso.
- Expedición automática de recibos de publicación no taboleiro de anuncios electrónicos do Concello.
- Emisión automática de copias auténticas de documentos electrónicos.
- Traslado automático de documentos desde a Plataforma de Contratos del Sector Público (PLCSP) á plataforma de tramitación de expedientes municipais (TEDEC)”

Establecéndose que “por resolución de Alcaldía poderanse aprobar novas actuacións administrativas automatizadas así como suprimir as xa existentes, debendo publicarse no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.”

Sendo neste caso necesario proceder a modificar o apartado b do artigo 37.3 da Ordenanza de tal xeito que se refira á expedición automática de recibos en xeral xa que se pretende ampliar a emisión automática de recibos non só aos de presentación se non tamén aos de saída e tendo en conta a habilitación contida no citado artigo 37 da Ordenanza para a regulación da administración electrónica municipal do Concello de Oroso, pola presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Modificar a previsión contida no artigo 37.3.b) da Ordenanza de tal xeito que o mesmo quede redactado do seguinte xeito:

- Expedición automática de recibos no rexistro electrónico do Concello de Oroso.

SEGUNDO: De conformidade co previsto no citado artigo 37 proceder a publicar a presente modificación no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldía-Presidencia, do que eu, como Secretario, dou fe.

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 1 | 15888 SIGÜEIRO – OROSO | A CORUÑA | T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concelloroso.com

www.orosos.es | www.concelloroso.com

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.orosos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público)).

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.